

RECUPERANDO MEMORIAS



Varios colectivos (Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica, Fundación 10 de Marzo, Sala Nasa e Burla Negra), unimos os nosos esforzos para organizar unha semana dedicada á recuperación da memoria histórica. Os actos comezan o sábado 24 de xuño ás 12.00 horas na Sala Mozart do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) cunha homenaxe aos republicanos, na que participarán Germán Díaz, Marful, Narf, Lorena Lores, A Quenlla, Manolo Rivas, Rosa Aneiros, Farruco, Quico Cadaval e Chévere, ademais de contar coa presenza da señora Carmen Berride, filla de represaliados do franquismo e testemuña directa daqueles tempos.

A entrada é de balde previa confirmación. O correo ao que podeades dirixirvos é: recuperandomemorias@hotmail.com. O teléfono de contacto: 676 20 32 45. A razón deste acto é honrar a todas as persoas que loitaron pola democracia, as que a defenderon durante a Guerra Civil e as que foron brutalmente represaliadas durante a dictadura franquista.

Poñémonos en contacto convosco para contar coa vosa asistencia e tamén para que colaboreades facilitando que poidan asistir ao acto o maior número posivel de protagonistas (supervivintes e /ou achegad@s). Ben se coñecedes a alguén na vosa zona, ou podeades facer chegar esta información a outras persoas sensibeis ao labor da recuperación da memoria. A sala Mozart ten un aforo de 250 persoas. Desexamos que se encha de memoria e, que mellor, que de memoria viva, polo que vos pedimos que nos faciliteades os contactos que teñades, para informarlles do acto e solicitar a súa asistencia.

Ao longo da próxima semana continuarán os actos, co seguinte programa:

GALERÍA SARGADELOS

Martes 27: Proxección do documental "Muerte en el Valle", coa presenza da directora Christina M. Hardt.

Mércores 28, 20h.: Presentación do libro "Mala gente que camina", de Benjamín Prado, con asistencia do autor.

Xoves 29, 20h.: Presentación do programa Interuniversitario de Investigación "As vítimas: nomes, voces e lugares", dirixido por Lourenzo Fernández Prieto.

TEATRO PRINCIPAL

Do Luns 26 ao venres 30

CICLO DE CINE IMAXES CONTRA O ESQUECEMENTO

SALA NASA

Venres 30, Sábado 1 ás 23,00h.: Ultranoite da Memoria

<http://www.arredemo.info/salanasa/blog/recuperando-memorias>